

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 6 | Edición nº 62 | Xaneiro de 2020 | Prezo 2 euros

A Coruña
intervén a
concesión da
planta de
Nostián



Páxina 6

Sánchez
Bugallo
satisfeito pola
licitación do
Orbital



Páxina 10

O Hospital
público da
Mariña
renovase



Páxina 11

Monforte terá
un parque
público na
zona de Cobas



Páxina 12



Gonzalo Caballero
destaca que a
elección de Pedro
Sánchez como
presidente
“contribuirá a abrir
unha nova etapa de
progreso en Galicia”

"13 dos 23 deputados
galegos apoiaron o proxecto
progresista liderado por
Pedro Sánchez"

Páxina 9

Entrevista



Pati Janeiro, escritora

“Se me pasara o mesmo que
aos personaxes da novela,
pensaría que Fenosa me
cortou a luz”

Páxina 5





Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

É deputada aquela que eliximos deputada

Non, non alucinen. Non me convertín á relixión tautolóxica do Rajoy ("un plato es un plato"). Se non lles acredito na miña- que é a única verdadeira- para canto máis lles vou acreditar na súa. Vaites, vaites...

O caso é que en maio deste ano eliximos a nosa representación (MEP) para o Parlamento Europeo. Estes MEP son representantes do conxunto da cidadanía europea, tecnicamente non representan Galicia, Catalunya, Sardinia ou Bavaria. Tampouco ao Estado español nin á Dinamarca. As regras para a elección pertencenlle ao Dereito Europeo, malia que éste permita a provisional aplicación subsidiaria dalgunhas normas do Dereito estatal á elección de cadanseus MEP de cada Estado. Estas regras regulan, no suposto español,

os requisitos para poder ser candidatos (elixibilidade) ou MEP (compatibilidade). Son normas que poden ser discutíbeis e que, por mor da súa integración no Dereito Europeo, fican sometidas ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE).

Mais o Dereito estatal introduce unha regra (artigo 224 da Lei electoral estatal) incompatíbel coa soberanía popular e co mandato parlamentario: condicionar a efectividade do mandato do MEP ou eurodeputado ao previo xuramento da Constitución española (CE) perante a Xunta Electoral Central (XEC). É dicir, obrigarlle ao eurodeputado eleito pola cidadanía a un xuramento adicional para adquirir ao 100% a súa cualidade. O que supón limitar ou suspender o mandato cidadán. Incríbel.

Velaí porque o preso político Oriol Junqueras recorreu perante o TXUE a súa suspensión como eurodeputado por mor de non ter comparecido perante a XEC para xurar a CE. E o Avogado Xeral da UE considerou que este recurso xa non ten sentido por si mesmo (pois que Junqueras foi condenado xa a unha sentenza penal definitiva que lle impide exercer o devandito mandato parlamentario) mais si ten interese xurídico xeral, por coidar que ese requisito adicional do xuramento vulnera o Dereito Europeo, que nega que aos MEP, logo de ser elixidos, se lles impoñan requisitos adicionais para adiar, suspender ou condi-

cionar a efectividade do seu mandato.

Esta quinta, 19-D, o TXUE resolverá esta cuestión. E malia que a eventual decisión non atinxa na práctica Junqueras si poderá atinxir ao president Puigdemont e ao conseller Comín, dispoñendo a inmediata eficacia da súa elección popular.

É dicir, é posíbel e mesmo abondo probable que o TXUE repoña no Parlamento Europeo aqueles que foron lexitima e legalmente elixidos pola cidadanía nas idus de maio.



Quod erat demonstrandum

Escrebín hai días a grande probabilidade que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) recoñecese a cualidade de eurodeputado do preso político Oriol Junqueras dende o intre da súa elección, sen ningunha caste de promesas nin requisitos adicionais. E mantiven esta tese na TVG hai poucos días fronte ao eminente catedrático de Dº Constitucional da USC, quen defendía a soberanía da lei electoral española para lles impor esa caste de requisitos adicionais aos eurodeputados elixidos no Estado español.

Quod erat demonstrandum, como quixemos demostrar, o TXUE dixo que Junqueras é eurodeputado dende a mesma procla-

mación dos resultados das eleccións pola Administración electoral estatal o 13.06.2019. Xa que logo, dende esa data desfrutaba de inmunidade parlamentaria.

Que efectos ten esta sentenza do TXUE? Para a corrente maioritaria publicada en Madrid, Junqueras xa foi condenado por sentenza definitiva do Tribunal Supremo (TS) e, xa que logo, a súa irregular estadia no cárcere como preso preventivo entre o 13 de xuño e o 14 de outubro deste 2019 xa está convalidada pola sentenza, aplícase esa tempada a pagar a pena total e non hai máis que dicir. Mais mesmo esta corrente recoñece que Puigdemont, Comín e Ponsati, procesados en



rebelaría, adquiriron a súa inmunidade parlamentaria o 13 de xuño, o que supón que non poidan ser encarcerados nin continuar o seu axuízamento sen a aprobación expresa do Parlamento Europeo.

Porén, outra corrente interpreta o Dereito moito máis consonte co principio democrático e considera que a sentenza de 14 de outubro é nula de pleno Dereito a respecto de Junqueras, por mor da súa inmunidade dende o 13 de xuño anterior.

De feito, o TXUE dille ao TS que si quería prorrogar o cárcere preventivo dende o 13 de xuño habería pedirlle ao Parlamento Europeo o seu pláacet. Porque

non agardou o TS ditar a sentenza de Junqueras á resposta do TXUE á súa cuestión prexudicial?

Para rematarmos esta xeira dúas conclusións de lóxica democrática: i) modifiquemos o Dereito electoral e os Regulamentos parlamentarios para facer efectivo o principio legal declarado pola TXUE: ningún concelleiro ou deputado precisa xurar nin prometer nada para adquirir a súa cualidade de representante cidadán e ii) avaliemos as vantaxes de pertencermos a unha comunidade de Dereito como a UE, que corrixe cando cumpre aos Tribunais e Autoridades de calquera Estado da Unión.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal –Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Alea iacta est!!

Asi sentenciou Julio César cando pasou a ponte do río Rubicón no seu enfrontamento con Pompeyo.

Tamén Pedro Sánchez e Pablo Iglesias poden pronunciar a xa histórica frase. Eles tamén pasaron a ponte da intolerancia dunha dereita extrema da extrema dereita que lles prometeron ir “a por ellos!! Durante a próxima lexislatura. Tamén eles teñen enfronte novos pompeios que non por ser máis débiles son menos perigosos.

Hoxe non imos deternos en análises puntuais porque son tantos os temas dos que procedería falar que nos resulta difícil escoller.

Deixemos pasar un tempo, breve, pero suficiente para que as augas se calmen. España está sendo vítima dos ríos que se desbordan e arrasan todo ao seu paso. Tamén en política se nos ameaza cun odio desmesurado (se é que existe un odio tranquilo), con linchamentos políticos propios dos tempos xa ultrapasados, que dirían os amigos portugueses.

Hoxe imos limitarnos a breves enunciados que serán tema de análise máis polo miúdo en comentarios sucesivos.

Empecemos pola declaración de Pablo Iglesias: “Non imos esquecer de onde vimos. Seremos desobedientes fronte a todos os que digan que non se pode porque os movementos sociais dixeron que sí se pode”

Seguimos co novo presidente, Pedro Sánchez que ven de visitar ao Rey e de botar unhas risadas de “colegas” augurando o que lle espera que non será, precisamente

para rir. Se Sánchez e Iglesias fallan entrará nas nosas vidas unha dereita cavernícola e rencorosa que durará décadas. Os electores progresistas poderán perdoarlle algún erro que van ter, loxicamente; pero non unha guerra interna entre os dous.

A dereita apropiase do Rey mezclándoo coas vítimas de ETA, a Constitución e todos os dereitos. Parece que lles ven de familia gobernar este País. Pouco importa que as urnas lles dixeran que tiñan que esperar un pouco. Acaban de saír do Poder e xa queren voltar sen darlles tempo de enfriar os postos. O espectáculo que deron días pasados durante a investidura de Pedro Sánchez lémbrenos moito ao que din os libros ocorreu en España nos tempos previos á Guerra Civil Española de 1936.

Parecía que Casado (PP) pretendía adiantar a Abascal (VOX) pola dereita. De seguir así desaparece do mapa político español.

As tres dereitas declaran que o goberno de Sánchez é ilexítimo incluso antes de que nacera. Abren unha guerra dende tódolas fronteiras contra a coalición: ameazas, boicots, chamadas ao exército. Unha investidura entre o barrullo e a furia de non ser eles, calquera dos tres, quen estivera esperando o nomeamento como Presidente do País.

Casado utiliza a investidura para comezar o reagrupamento

nacional; fagocitar a Ciudadáns agora que están a punto de caramelo. A señora Arrimadas non sabe que facer; se botarse ao monte ou aceptar que resulta un sinxelo prato de postre para as dereitas; dereitas que se disputan entre si ser “a alternativa”. Casado pretende ser aínda máis facha que Abascal nun desesperado intento de que os votantes do PP que se lle foron pola dereita máis dereita volten ao redil. Teno complicado.



A investidura, entre tantos insultos e tantas voces apocalípticas de que se ía romper España, tivo o seu momento máis grato, máis doce coa presenza da deputada Ana Vidal, vítima dun cancro que lle corroe as entrañas, pero que non foi quen de prohibir estivera alí, no seu asento, para votar a un goberno de progreso ao que lle facía falta os votos como auga de maio. Os seus colegas de Podemos agasallárona cun enorme ramo de flores. Ogallá que sea quen de vencer a súa doenza com o foi quen de axudar a vencer a ese outro cancro social

que España padece: unhas dereitas feroces e agresivas que ameazan con utilizar “todo” para non permitir que o novo goberno poida demostrar que “sí, se puede” gobernar doutro xeito, para unha maioría social do País e non para os de sempre.

Dicir que unha mínima subida de impostos aos que gañan preto dos 12.000 euros mensuais vai facer que se escapen aos paraísos fiscais deixando á familia e negocios abandonados resulta patético.

Dicir que un imposto do 15% ás empresas que ata agora só pagan o 3% (esas famosas sícars, ás que as grandes fortunas se agarran para non pagar impostos), cando un pensionista que cobre máis de 1500 euros por mes xa paga de IRPF máis do 15% resulta insultante.

Unha parte da Igrexa, os máis carcas, que aínda quedan bastantes, piden que recemos polo País. Parecera que chegaron as pragas de Egipto. Ata o Cardeal de Madrid, Carlos Osoro, tivo que saír a dicirlles que non era para tanto, solicitando diálogo co novo goberno.

Pero o mundo non se detén. Trump quere demostrar que os ten tan grandes coma o cabalo de Santiago. Ordena matar a un dirixente iraní destacado mettendo o dedo nun avispeiro político en Oriente Medio que non sabemos como nin de que maneira van voltar as abellas a súa colmea. Parece que o americano,

investigado no seu País de abusar do seu cargo en beneficio propio, pretende presentarse diante do electorado para un segundo mandato coma o máis fero e forte representante de “Fort American”.

Venezuela, aquel País que acolleu a tantos españois, sobre todo galegos, que tiveron que fuxir da Terra para non ser vítimas das gadoupas franquistas, está revoltado. Agora resulta que ten dous presidentes da Cámara de Representantes. Eramos poucos e a avoa trouxo xemelos.

Nós queremos, neste novo ano, desexarlles, a todos os que teñen a amabilidade de ler as nosas reflexións sobre o momento que nos toca vivir, que todas as súas esperanzas se cumpran; que disfruten dunha boa saúde, sobre todo mental, que con todos estes lios pretende voltarnos tolos a todos. Que disfruten da familia, ese don preciado que non sempre atendemos como se merece; que reciban a debida remuneración polo seu traballo sexa este cal sexa; que poidan fuxir das gadoupas de empresarios insatisfeitos que só pensan en acumular riquezas. Que os Reis Magos nos que todos dicimos non crer pero que todos esperamos cada ano que nos traían algo, aínda que sexa unha corbata ou uns calcetíns. A todos nos fai ilusión, non os Reis Magos, pero si que se acorden de nós, especialmente nestes días morriñosos que tanto nos lembramos dos que xa non están connosco.

A todos lles desexo un Ventu-reiro 2020. Sexan felices.

**APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM**



<http://xnea.eu/telegram>



**SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB**



<http://xnea.eu/web>



Galicia

Redacción A CORUÑA

A Deputación solicitará personarse na causa para a recuperación do Pazo de Meirás



A Deputación solicitará sumarse na causa para a recuperación do Pazo de Meirás para que o inmóbel pase a ser patrimonio público. Decidiuno o goberno da Deputación e foille trasladado polo Vicepresidente X. Regueira aos membros da Xunta de Portavoces. Así como a vontade de eliminar todos os símbolos e recoñecementos franquistas que perduran na institución.

"Foi unha decisión que xa se acordara na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, creada por impulso desta Deputación, que nós

queremos cumprir" sinalou Xosé Regueira que comunicou a decisión aos portavoces dos grupos con representación no pleno.

Así como o documento presentado polo Colectivo de presas e presos políticos da Ditadura cunha relación de 32 elementos de simboloxía franquista e recoñecementos que aínda non se eliminaron en distintos centros da institución. Acordouse solicitar un informe ao servizo de asesoría xurídica da Deputación para garantir o cumprimento escrupuloso da Lei de Memoria Histórica.

A Deputación inviste 200.000 euros para facer realidade o Mercado Cultural

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o tenente alcalde de Fisterra, Xan Carlos Sar Olevíra, asinaron o convenio para financiar as obras do "Mercado Cultural".

O proxecto suporá un investimento de 253.000 euros, dos que preto do 80% (200.000 €) serán achegados pola Deputación para facer realidade este ambicioso proxecto, que pretende dotar a Fisterra dun equipamento sociocultural do que carece na

actualidade, o que obriga a desenvolver determinadas actividades culturais no Salón de Plenos do Concello, cunha capacidade moi limitada e serios problemas de accesibilidade.

O novo centro sociocultural aproveitará a planta alta do actual Mercado Mariñeiro, onde se seguirán comercializando os produtos do mar da localidade.

A planta superior, actualmente sen uso, conta cunha ampla superficie de 353 metros cadrados e acceso directo dende

o nivel da rúa nas súas fachadas oeste (rúa Arasolis) e norte (rúa da Mariña), o que permitirá unha axeitada accesibilidade a todos os públicos.

As obras de adaptación do inmoble permitirán crear un auditorio con capacidade para 198 persoas, para usos sociais e culturais. O espazo contará cun escenario elevado e sistemas de iluminación e ventilación. Ademais habilitarase un local para ensaios e unha sala de xuntas.

A Deputación estudará o proceso de contratacións para evitar baixas acusadas que perxudiquen a calidade das obras

Unha Xunta de Portavoces extraordinaria tratará en profundidade os criterios de adxudicación de contratos despois de que responsables dos gobernos municipais e asociacións representantes do sector da construción comunicaran a

preocupación polas baixas acusadas que se producen nas contratacións. "Desde a Deputación buscaremos as opcións máis favorábeis para a mellor execución das obras", sinalou o vicepresidente Xosé Regueira.

"Desde a Deputación facémonos eco da preocupación dos

concellos da provincia e estudaremos con criterios técnicos e xurídicos as vías para que os procesos de contratación camiñen cara á mellora da execución das obras tal e como marca a Lei de Contratos, que esixe facer unha ponderación entre calidade e prezo", destaca Regueira.

Opinión

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A Coroa divide

O pasado xuño cumpriu cinco anos de mandato o actual Xefe de Estado e, diante da falla de enquisas "ad hoc" do CIS (é igual quen governe, xa saben a substancial semellanza entre os españois de dereitas e os españois de esquerdas) a empresa IMOP Insights realizou para a revista Vanitatis unha enquisa na que se lle preguntou á xente pola escolla entre Monarquía e República.

Os resultados danlle unha lixeira avantaxe a nivel estatal aos monárquicos (50,8%) fronte aos republicanos (46,1%). No noso país os resultados invértense: 51,6% de galegos pola República fronte ao 45,6% monárquicos. Os resultados amosan unha grandísima fenda territorial: 70,6% vs 24,7% para os vascos e 74% vs

21,6% para os cataláns, sempre a prol da República. No País Valencià empatan a 50%, mentres que na Andalucía, en Madrid e no resto de CC.AA. as porcentaxes de seareiros da Monarquía soben a cadanseus 75,1%, 62% e 56%..

A fenda tamén é xeracional: nos menores de 45 anos gaña amplamente a República e nos maiores desa idade a Monarquía. E ideolóxica: absoluta hexemonía de republicanos nos simpatizantes de Podemos, IU e forzas soberanistas fronte a unha absoluta hexemonía de monárquicos nos seareiros do PP, Vox e Cs, Nos seareiros socialistas hai maioría republicana (51,6% vs 44,5%).

Sen ánimo de facermos destes datos (semellantes, porén, a algunha enquisa do 2018) dogma de fe é evidente que a

Coroa non é unha Institución percebida como neutral polas maiorías sociais. E, despois de cinco anos de mandato de Felipe de Borbón, semella que o principal factor de filias e fobias monárquicas (sen desprezar problemas de lexitimidade de orixe evidentes como a orixe franquista da reinstauración de 1975 ou a falla dunha

decisión popular independente a respecto exclusivamente da Institución no referéndum constitucional de 1978) é o propio discurso, explícito e implícito, emanado dos actos de El Rei.

E neste eido é onde se explican os dados da enquisa e a terríbel fenda territorial, ideolóxica e xeracional entre seareiros e detractores da Monarquía. Porque o discurso do 3-Ou situou ao Xefe do Estado fóra da súa función arbitral e fronte a cando menos a metade da cidadanía catalá. E porque a súa mensaxe, tamén implícita, neste quinquenio debuxárono como garante dos privilexios dos que compoñen o Deep State no canto dun árbitro facilitador de solucións máis democráticas aos problemas de exclusión social, desigualdade económica e parálise política.



Por Moncho Mariño

Entrevista a Pati Janeiro, escritora

“Se me pasara o mesmo que aos personaxes da novela, pensaría que Fenosa me cortou a luz”



Pati Janeiro asinando exemplares na presentación do libro / Foto Guillermo Carvajal.

Pati Janeiro (Compostela) vén de presentar a súa última novela *Rueiro da Cidade Escura*, un percorrido por unha Compostela sen luz, onde ninguén lle dá explicación ao fenómeno mentres que dentro desa escu-

ridade aparecen historias que ninguén se atrevía a contar mentres había luz. Este é o seu cuarto traballo logo de títulos como *Caixa de Mistos*, *A Perspectiva detrás da Porta* e *Manual Básico de Hostalaría*.

-Lidos outros traballos teus diríase que es moi eclética escollendo os teus temas e estilos. Pasaches por unha experiencia semellante á que narras en “Rueiro da Cidade Escura”?

Cando se me ocorre unha hitoria tiro do fío da mesma logo os temas que hai detrás van saíndo. E non, nunca vivín unha falta de luz como a que conto. Mais as historias dos personaxes teñen un pouco de min. Máis que experiencias concretas, son maneiras de reaccionar pensando en como reaccionaría eu pensando en se estivese nunha situación semellante.

-Como reaccionarías se che pasase a ti?

Pois probablemente pensaría o que pensan algúns personaxes, que era o mesmo ca min hai dez anos cando comecei a escribir a novela, que Fenosa cortou a luz. Iso pasoume un par de veces cando tiña traballos máis precarios e de aí saíu parte da idea. Agora non sei como reaccionaría, supoño que asegurándome que a miña familia máis cercana estaba ben. Coller os “bártulos” e irme co meu neno e o meu marido á casa da miña nai, probablemente.

-Dis que comezaches a escribir esta novela hai dez anos. Pasou moito tempo entre o último borrador e a versión final?

Non pasou tanto tempo. Cando remato algo gústame cambiar algunhas cousas, mais con este traballo si que houbo moitos cambios. O primeiro borrador deillo a dúas persoas para ler, que me deran a súa opinión, logo deille outra volta e si podo dicir que esta novela si é un traballo máis elaborado.

-Como sentiches a receptividade que acederon a publicar.

Foi Paco Macías, de Positivas, pois desde a *Perspectiva detrás da Porta* sempre lle levo todo a el. A primeira vez que quedou comigo para falarmos desta novela dixo “aprendiches a escribir”. Algo que me chocou logo de dúas novelas anteriores. Logo matizou e dixo que madurara como autora.

-Cada capítulo leva a cita dunha canción. Cantar é unha maneira de espantar o medo á escuridade?

Non o pensara así, mais cando escribo é certo que mentres escribo escoito

música. Ás veces acaba a cara do disco ou acaba o reprodutor e na miña cabeza seguen soando cancións. Iso foi o que me pasou escribindo este libro e así decidín introducilas no libro como títulos, porque pensei que tiñan unha conexión co libro. Si é certo que ao comezo da novela, unha das personaxes para non ter medo da escuridade, vai cantando, así que tirando dese fío, tamén ten sentido que haxa tanta música na novela.

-Estes temas son un percorrido polas túas preferencias ou son unha maneira de que os máis novos se acheguen a ritmos que ao mellor non coñecen?

Basicamente son preferencias miñas, cousas que me gustan. Mesmo ao comezo da novela hai unha ligazón para quen non as coñeza poda escoitalas mentres len.

-Haberá algo especial durante as presentacións que fagas do libro?

Pois algo haberá. Non quero contar

moito porque estamos dándolle voltas. Si direi que virá Diego Ameixeiras, co que estou moi orgullosa, porque nos lemos mutuamente desde hai anos e tamén estará Paco Macías, o editor.

-Que rueiro tivo esta novela?

Empecei, parei e tamén houbo pausas de meses polo medio, mais tampouco é que me levase moito tempo facelo. Si que estivo parado porque tiven outras cousas que facer nese momento, tamén moita reescritura e moita planificación, porque ten moitos personaxes, cuestión de raccord para que todo tivese sentido.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

O Concello intervén temporalmente a concesión da planta de Nostián

O Concello da Coruña anunciou a súa decisión de intervir a concesión do servizo de xestión de tratamento de residuos da planta de Nostián. A alcaldesa, Inés Rey, asegurou que tomou a decisión co fin de garantir os postos de traballo e a xestión deste servizo. “Trátase con este acordo de evitar tres crises ás que nos podía abocar a situación xerada: unha crise ambiental, que podería provocar desaxustes graves na recollida do lixo nunhas datas sensíbles como as do Nadal, ademais dos posibles problemas ecolóxicos e monetarios cos rexeitamentos; unha crise económica, posto que está en perigo a viabilidade da planta; e unha crise laboral, xa que se perderían 40 postos de traballo”.

Rey deu conta do acordo da Xunta de Goberno Local motivado pola decisión unilateral da empresa Albada de modificar sen autorización municipal as condicións de prestación do servizo, que se nega a xestionar os residuos do Consorcio das Mariñas. Isto xera de forma artificiosa o



ERTE que afecta a un 40 % do persoal traballador, ao decidir non prestar desde esa planta municipal de Nostián o servizo que lles viña efectuando aos concellos do Consorcio das Mariñas, co consentimento e autorización do titular do servizo, o Concello da Coruña, único que podía autorizar esa decisión empresarial, como administración competente do servizo.

Así, será o Concello quen asuma a dirección da planta e servizo que se presta “ante esta perturbación grave e temporal do servizo que é obxecto de concesión”. O Concello encargárase directa-

mente do funcionamento do servizo e da percepción dos dereitos establecidos e utilizará para iso o mesmo persoal e material do concesionario, sen que poida alterar as condicións da súa prestación. Ademais, a Corporación designará un interventor técnico que substituirá plena ou parcialmente os elementos directivos da empresa. A explotación efectuarase por conta e risco do concesionario a quen se lle entregará, ao finalizar a intervención, o saldo activo que resultar unha vez satisfeitos todos os gastos, incluso o salario do interventor.

O Concello garantirá a natureza pública dos solos da Solana

O Concello iniciará no primeiro trimestre de 2020 os trámites para constituír o operador municipal de enerxía a través da empresa Emalcsa, decisión tomada na segunda comisión de seguimento dos acordos asinados con Marea Atlántica ao comezo do mandato. O proxecto levarase a cabo en distintas fases ao longo dos próximos tres anos.

Outro dos acordos alcanzados entre os dous grupos municipais foi o de iniciar os trámites para lograr a gratuidade do ensino de 0 a 3 anos nas escolas públicas municipais. Así, crearase en breve unha mesa de traballo



para modificar o regulamento de funcionamento destes centros. Bonificar na tarifa do billete do bus urbano aos menores de 25 anos e aos maiores de 65 e im-

pulsar a creación dunha mesa técnica de traballo para cumprir os acordos relativos ao Ofimático foron outras decisións tomadas na xuntanza.

O Belén municipal da Coruña dedícalle unha figuriña a Fernando Amaro "Cantero"



O Concello da Coruña incorporou este ano ao Belén Municipal unha nova figuriña, dedicada a Fernando Amaro “Cantero”, coordinador de festas do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) durante anos e que faleceu en abril aos 46 anos. A rexedora destacou que a súa inclusión no Belén era un xesto necesario “por todo o que nos aportou como traballador, pero sobre todo, como persoa”.

A alcaldesa engadiu que Can-

tero forma parte xa dun equipo que capitanea Mauro Silva porque Beбето espera ben arriba o pase de gol, un equipo que conta con Concepción Arenal para que relate o que pasa e que ten a unha actriz de excepción como María Casares e a dous grandes que aínda eran máis grandes cando se xuntaban como Luis Seoane e Díaz Pardo: “Todas as figuriñas son e están para sacarnos un sorriso cando pasemos polo hall de María Pita”.

O Concello homenaxea a María Sanjurjo, coruñesa e campioa do mundo de hóckey sobre patíns



Alcaldesa, Inés Rey, e o edil de Deportes, Juan Ignacio Borrego, recibiron no Pazo Municipal de María Pita á deportista coruñesa María Sanjurjo, campioa do mundo de hóckey sobre patíns coa Selección Española nos World Roller Games celebrados o pasado mes de xullo en Barcelona.

Rey amosoulle á ex xogadora do Liceo e do Dominicos a súa admiración polos seus éxitos: “Non todos os días temos a honra de recibir no Concello a unha

campioa do Mundo coma ti, que no pasado mes de xullo puxeches á cidade da Coruña ao máis alto nivel do hóckey sobre patíns nos World Roller Games: gañaches o séptimo entorchado mundial coa Selección e ademais o teu papel foi decisivo nesa vitoria.

A alcaldesa entregoulle á deportista coruñesa unha Torre de Hércules en cerámica de Sargadelos dedicada como recoñecemento do Concello da Coruña ao seu gran labor no Hóckey sobre patíns.

Catro mozas gañan o concurso de viñetas “Sen adiccións... Un bo plan”

No Pazo de María Pita tivo lugar a entrega dos premios da 9.a edición do concurso de viñetas “Sen adiccións... Un bo plan”, unha acción impulsada pola Concellería de Benestar Social, Igualdade e Participación dentro do marco de accións desenvoltas polo Programa Municipal de Prevención de Adiccións no ámbito escolar e da promoción do lecer

saudable na mocidade.

O obxectivo deste concurso é complementar as accións de prevención das adiccións realizadas nos centros escolares da cidade (obradoiros de prevención de consumo de tabaco, alcol e outras sustancias e do uso inadecuado da internet e redes sociais) e implicar a mocidade no deseño de estratexias preventivas de sensibilización, así como fo-

mentar os hábitos e as alternativas de lecer saudable.

Nel participou a mocidade de ensino secundario (ESO) e formación profesional básica (FPB) dos centros do municipio da Coruña, en dúas categorías: alumnado de 1.o e 2.o da ESO e alumnado de 3.o e 4.o da ESO ou FPB. Nesta edición, participaron 726 mozas e mozos dos centros escolares da Coruña.

A alcaldesa confía en que a estación Intermodal sexa unha realidade en 2023

Unes Rey confía en que as obras da estación Intermodal estean listas ao final deste mandato. O compromiso da Xunta quedou patente trala reunión realizada esta mañá entre a alcaldesa e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, para coñecer o proxecto da Intermodal na parte dos autobuses, que é a que lle corresponde desenvolver ao Goberno autonómico, e que mello-

rá a mobilidade da cidade. Durante a reunión, a titular de Infraestruturas anunciou que espera licitar as obras a finais de 2020.

Tralo encontro, a alcaldesa explicou que o Goberno local cumprira co seu compromiso “de desbloquear infraestruturas esenciais para o desenvolvemento da cidade” e que confía en que a estación se remate nesta lexislatura, xa que ga-

rantirá aos cidadáns da Coruña e da área metropolitana “unha mobilidade máis sustentable, rápida e segura”. A rexedora cualificou a reunión de “moi positiva” e “exemplo da cooperación entre administracións”. O proxecto ten un custo aproximado de 80 millóns dos cales 48,5 millóns serán achegados por Adif para a remodelación da estación ferroviaria de San Cristobo.

Eva Martínez anima as mulleres emprendedoras a exercer un liderado real

A concelleira de Emprego, Eva Martínez, participou no encontro “Creando referentes: empresarias que avanza en común”, organizado pola Fundación Mujeres no centro municipal de empresas Accede Papagaio. A edila falou da importancia de que interviñeren mulleres que hoxe son exemplo por encabezares proxectos empresariais con éxito para que as novas emprendedoras collan folgos e crean nos seus proxectos, que deixen a un lado os seus medos e exerzan un liderado real, nesa busca dun equilibrio familiar e laboral, unha cuestión “que non se lles esixe aos homes”.

Eva Martínez sinalou que segue habendo un forte peso masculino nos postos de arriba e



que as mulleres teñen que se esforzar para demostraren as súas capacidades e loitaren moitas das veces contra ese sentimento de culpa que nace por conciliaren traballo e os quefaceres cotiás. A concelleira animou ás participantes a reivindicaren o seu papel á hora de emprender porque “se somos libres, seremos o que queiramos”. Engadiu que

o empoderamento ten que ser un elemento “que nos axude a romper barreiras” e recordou que o Concello traballa coa Fundación Mujeres en actuacións encamiñadas a incrementar a empregabilidade e o emprendemento feminino con programas que ofrecen ferramentas para potenciaren as habilidades en distintos ámbitos.

O Teatro Colón acollerá o 18 de xaneiro un concerto homenaxe ao compositor Rogelio Groba

O Teatro Colón ofrecerá o 18 de xaneiro un concerto homenaxe ao mestre Rogelio Groba no seu 90 aniversario, que estará organizado polo concello coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Ponteareas e a Fundación Groba, e en que a Orquestra de Cámara Galega repasará algunhas das obras dun repertorio que, no caso do pontevedrés, chega ás 720 composicións, en que se abordan cuestións como a etnografía, a paisaxe e a historia de Galicia. No recital, actuarán tamén a pianista italiana Elisa D'Auria e o clarinetista grego Spyros Kakiolas para interpretaren dúas das súas últimas creacións, “Soatiña”, estreada en Bruxelas en maio de 2019 e “Peculiaridades”, que se tocou por vez primeira no Festival Groba de 2018.

Ademais, as persoas espectadores desfrutarán doutros temas asinados por autores que sempre o acompañaron como Jean Sibelius e Johan Sebastian Bach nunha noite onde se tributará ao que máis partituras enxeñou neste país ata o momento cun requien, 14 sinfonías, 19 concertos e oito micro-concertos, así como 13 cantatas, 8 suites, 2 ballets, obras para coro, música de cámara,



piano só, orquestra de cordas, banda sinfónica... das que moitas non viron a luz aínda. Rogelio Groba foi tamén director da Orquestra Municipal da Coruña durante 23 anos e fundador da Orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña e da Orquestra de Cámara Municipal e combinou ao mesmo tempo a dirección do Conservatorio e a docencia en Harmonía e Composición. Autor de ensaios e libros, desde 2002 preside a Fundación Rogelio Groba, clasificada de Interese Cultural e de Interese Galego polo Goberno autonómico.

As entradas están á venda na plataforma eventbrite.es por 5 euros máis gastos de xestión e no propio despacho de billetes do auditorio.

Concello e superficies comerciais alíanse por unha Coruña sen plásticos

O Concello da Coruña, en colaboración con diversas superficies comerciais da cidade, desenvolveu do 14 ao 21 de decembro a campaña Enrédete, coa finalidade de cambiar as bolsas de plástico por bolsas de malla reempregables. En concreto, repartíronse 13.500 bolsas sostíbles en diferentes áreas comerciais da cidade.

A alcaldesa destacou que “o obxectivo é promover entre as

coruñesas e coruñeses hábitos de compra máis saudables, máis sostíbles e coidadosos co noso medio. Sobre todo, é importante que eviten a xeración de residuos innecesarios”.

Nesta campaña, ademais do Concello a través da súa Concellería de Medio Ambiente e Sustentabilidade, colaboraron VEGALSA, EROSKI, EL CORTE INGLÉS, GADIS, ALCAMPO, FROIZ, LIDL e CARREFOUR.

Galicia

Redacción

Gonzalo Caballero afirma que Feijóo di “cada día unha cousa distinta” sobre o paridoiro de Verín

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero sinalou que “Feijóo está enganando de xeito continuo” no que atinxe ao paridoiro de Verín, nunha sorte de “tómbola” na que cada día di “unha cousa distinta”. “Que se non hai seguridade, que non hai médicos...”, recordou o líder dos socialistas galegos, para concluír que este caso “exemplifica a política de recortes que Feijóo está aplicando no ámbito sanitario, especialmente no medio rural” e o feito de que “a súa palabra non vale nada”.

Caballero falou tamén da “estratexia política das dereitas e da ultradereita” despois de que Ortega Smith recoñecese que “quere salvar ao soldado Feijóo



do batacazo electoral” que levará en Galicia, seguindo así o ronsel de pactos que xa firmaron en Andalucía, Murcia e Madrid.

“Ortega Smith veu a Galicia a dicir que os votos de VOX están a disposición do PP para tentar acadar un goberno das

dereitas coa ultradereita cando haxa eleccións autonómicas”, subliñou Caballero, quen destacou que o número dous de Abascal revelou “o que Feijóo non quería admitir: que estaría disposto a sumar coa ultradereita para manter a Xunta”.

Caballero cree que Feijóo amosou no discurso de fin de ano o seu “fin de ciclo” cun proxecto “esgotado”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, xulgou hoxe que Feijóo amosou no seu discurso de Fin de Ano “o seu fin de ciclo” á fronte da Xunta.

“Foi un discurso de despedida que evidenciou o proxecto esgotado que ten o PP para Galicia”, recalcou o líder dos socialistas galegos, quen sinalou que Feijóo carece de “ideas, solucións ou compromiso cos retos da Galicia do futuro”.

Tanto é así que, como indicou Gonzalo Caballero, “evitou rectificar a súa política de recortes na sanidade e na educación públicas, na política social e na dependencia”, que ten no peche do paridoiro de Verín un “exemplo representativo”, e tampouco mencionou “a crise demográfica ou as dificultades do medio rural”.

“Galicia require un novo tempo político, cunha nova política económica, social e de vertebración do territorio”, recalcou o candidato socialista á Presidencia da Xunta.

En paralelo, Gonzalo Caballero criticou que Feijóo vaise “poñendo a Xunta ao servizo da estratexia de confrontación do PP de Pablo Casado” cun discurso “cheo de insidias e maledicencias” e impropio de quen ten que representar a todos os galegos, tamén “a maioría social progresista que se evidenciou en 2019 de xeito claro en cada convocatoria de eleccións”.

Así as cousas, o máximo dirixente do PSdeG felicitou o aninovo aos galegos co compromiso de traballar por “un novo tempo” en Galicia e para que 2020 sexa “o ano do cambio”.

IdeaGaliciaLab, “conectar a sociedade civil co partido que vai liderar o cambio”

Os socialistas galegos presentaron en decembro o seu novo laboratorio de ideas, IdeaGaliciaLab, que ten como obxectivo servir de enlace entre a sociedade civil e “o partido que vai liderar o cambio”. Gonzalo Caballero, secretario xeral, referiuse ao PSdeG como “a casa común do progresismo” e afirmou que o laboratorio de ideas serviría como “caixa de reflexións, razoamentos e proxectos que permitan artellar un plantexamento para a maioría do país”.

“Queremos ter as portas abertas a todas as ideas que poidan axudar a encarar unha Galicia máis próspera, sostible e xusta, e facelo a carón da sociedade civil”, destacou. A cuestión de fondo deste proxecto é a necesidade de “dar solución aos grandes problemas do país” e de “poñer a Galicia na vangarda”. Construír, como dixo o líder dos socialistas galegos, “unha Galicia máis dinámica e próspera”.

Así, a primeira xornada do laboratorio, coordinado pola xor-



nalista Noelia Otero, celebrouse baixo o título ‘Pensando Galicia’. Serviu para presentar o think tank e para abordar de xeito “transversal” a situación que atravesamos a través de dúas mesas de análise.

Na xornada de presentación do laboratorio, ademais da coordinadora e o secretario xeral do PSdeG, participaron os ex presidentes da Xunta Emilio Pérez Touriño e Fernando González Laxe, o ex alcalde de Santiago Xosé Sánchez Bugallo, e a presidenta do ADIF, a lucense Isabel Pardo de Vera.

Na primeira mesa, que abordou ‘Unha Galicia sostible’, participaron tamén Pardo de Vera xunto co fiscal delegado de Medio Am-

biente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e membro da Unión Progresista de Fiscais, Álvaro García Ortiz, o catedrático de Política Económica da Universidade de Vigo Xosé Carlos Arias e o catedrático de Ecoloxía da Uvigo Emilio Fernández.

Na segunda, sobre ‘Unha Galicia xusta e innovadora’, falárono o catedrático de Socioloxía da Universidade da Coruña Antonio Izquierdo, o catedrático de Computación e Intelixencia Artificial da Universidade de Santiago de Compostela Senén Barro, a médica Elisa Ausín, membro da plataforma ‘PACs en Loita’; e a decana da facultade de Educación da Universidade de Santiago, Carmen Fernández Morante.

Gonzalo Caballero no pincho de Nadal do partido en Lugo



O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, participou o pasado 28 de decembro no pincho de Nadal organizado polo partido na provincia de Lugo, dende onde aproveitou para felicitar as festas e desexar que o 2020 sexa “o ano do cambio en Galicia”.

Ao acto acudiron máis de douscentos militantes da provincia encabezados pola secretaria pro-

vincial, Patricia Otero; o presidente da Deputación, José Tomé; a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; os deputados no Congreso, Ana Prieto e Javier Cerqueiro; o senador por Lugo, César Mogo; os parlamentarios autonómicos Luís Álvarez e Concepción Burgo; e alcaldes e alcaldesas como o de Pedrafita, a de Vilalba, o de Castroverde, a de Guitiriz, o de Xermade..., e concelleiros de toda a provincia.

Por Moncho Mariño

Víctor Paz, responsable do Cinema Dúplex en Ferrol

“A proximidade co público axuda a dar aura de cinema de toda a vida”

A desaparición de salas de cinema en capitais de provincia así como noutras cidades e vilas, está deixando un deserto cultural en moitas áreas de Galicia. Ferrol estaba apiques de perder a última sala que lle quedaba, Dúplex, ata que unha iniciativa da antiga xerencia xunto co

apoio da sala compostelá Numax, renovou a faciana de Dúplex e comezou unha nova andaina en outro de 2019. Cunha aposta diferente en canto filmes que se proxectan, pola versión orixinal e polas proxeccións diarias, o cinema de barrio parece querer manterse na cidade departamental.

-Como e de quen naceu a idea de continuar cos cinemas Dúplex de Ferrol?

A sala estaba a piques de pechar e o antigo xerente propúxolle a Ramiro Ledo, da sala Númax en Santiago, quedar el co cinema. Ledo decidiu coller as dúas salas e poñelas en marcha baixo unha nova xerencia. Xunto a isto, darlles un aire renovado, cunha liña un tanto distinta e que segue tamén a aposta polo cinema de autor e o cinema independente en versión orixinal.

-Cales eran os motivos polos que Dúplex estaba para pechar?

Por falta de público, que é algo que estamos tendo en moitas cidades. Realmente, se se observa ben, hai moitas capitais de provincia en España que quedaron sen cinemas. Quizais porque hai modelos de negocio cambiantes, adaptarse aos novos tempos é difícil para unha sala pequena realizando un investimento, por exemplo para renovar os equipos de proxectores dixitais non é fácil. Aquí non existen axudas

específicas para as salas de cinema, como existen noutros países. Se o número de espectadores non permite manter un nivel de gastos mínimos, a sala non pode seguir. **-Contastes con axudas oficiais para levar adiante o proxecto de Dúplex?**

De momento non existe ningunha axuda oficial. Existía unha do Concello de Ferrol, que neste momento é inexistente, mais esperamos retomar o ano que vén esa colaboración. Si pediremos axudas europeas para tentar entrar na rede Europa Cinemas, como xa está Númax, mais iso precisa de cumprir cun número determinado de espectadores por ano, cotas de filmes europeos e esperamos poder chegar a iso. Só levamos tres meses abertos e é moi cedo para adiantar o que pode entrar o ano próximo.

-Se non houbo axudas oficiais, foron as achegas de socios e socias o que permitiu pór en marcha Dúplex?

Temos unha política de socios que funciona todo o ano. A xente

pode abonarse por distintas cantidades, hai varias modalidades. Calquera tipo de abono permite vir por catro euros ao cinema, que é un prezo reducido. Así queremos fidelizar o público. Levamos xa case de 300 abonados que para tres meses e medio di algo moi positivo. Durante o ano vemos que son fieis porque aínda que non contamos cunha gran cantidade de abonados, si que é certo que a xente abonada vén dúas veces, ou tres veces por semana. A nivel de fidelización si que estamos moi contentos.

-Á parte de Dúplex, quedaba algunha outra sala en Ferrol?

Hai unha sala en Narón, que está moi perto, mais dentro da cidade de Ferrol non quedaba nada. Nós tamén podemos convivir perfectamente con cinemas máis comerciais, porque o modelo de negocio é moi diferente. Falamos de salas en centros comerciais, con diversos filmes comerciais fronte a un cinema que aposta pola produción independente, unha sala de proximidade, nós



non contamos con tantos recursos técnicos mais si ofrecemos outros contidos para que a xente veña. Ademais, nós non traballamos só para Ferrol, traballamos para toda Ferrol Terra. Hai abonados de Pontedeume, Neda ou Valdoviño e de toda a contorna. Traballamos para toda a comarca.

-Como é a contorna onde está situada a sala?

É un barrio obreiro que non está situado no centro da cidade aínda que as distancias en Ferrol son curtas, pódese chegar desde o Concello en cinco minutos. Por tanto non estamos falando dun lugar que estea lonxe. Con todo, o barrio onde estamos ten unha idiosincrasia propia e que á sala lle vai moi ben porque en certa medida

a proximidade co público axuda a dar aura de cinema de toda a vida e está integrado na cidade.

-Como é o perfil medio da persoa que se achega a Dúplex?

Pois está vindo de todo tipo. Existe moito público xubilado, algo que acontece en todos os cinemas de España porque teñen tempo e inquietudes culturais ademais de viren durante a semana. Tamén veñen moitos estudantes da universidade para ver filmes de xénero ou que teñen afinidade con esas idades. Durante as fins de semana o público é moi diverso. Non creo que traballamos para un público concreto, a nosa vontade é ter un público diverso e que o Dúplex sexa un cinema para todo o mundo.

Gonzalo Caballero destaca que a elección de Pedro Sánchez como presidente “contribuirá a abrir unha nova etapa de progreso en Galicia”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, asistiu no Congreso á votación da que Pedro Sánchez saíu investido presidente do goberno.

Caballero salienta que “13 dos 23 deputados galegos apoiaron o proxecto progresista liderado por Pedro Sánchez” cun goberno que ten na súa axenda “os problemas e as necesidades da cidadanía

galega”.

A designación de Pedro Sánchez como presidente, resaltou o líder dos socialistas galegos, “contribuirá a abrir unha nova etapa de progreso en Galicia”.

E é que, como salientou Gonzalo Caballero, o novo goberno progresista liderado por Pedro Sánchez ten na súa axenda “os problemas e as necesidades da cidadanía e das

familias”, así como “os asuntos específicos de Galicia”.

En concreto, o candidato socialista á Presidencia da Xunta enumerou o avance nas infraestruturas, nomeadamente a AP-9; a mellora da sanidade e a educación pública, a aposta polo emprego de calidade e por dar futuro á mocidade e o compromiso coa industria galega.



Galicia

Redacción SANTIAGO

Sánchez Bugallo amosa a súa satisfacción pola licitación do Orbital

O Consello de Ministros vén de dar luz verde á licitación do contrato de obras da nova ligazón Orbital de Santiago de Compostela entre a AP-9 (PK 64+500) coa A-54 (ligazón de San Marcos PK 91) e o aeroporto de Lavacolla.

Segundo indica o Ministerio de Fomento, o obxecto desta actuación é definir unha nova conexión da autoestrada AP-9 coa Autovía A-54 (Lugo-Santiago), o aeroporto de Lavacolla e os polígonos industriais e comerciais do norte da cidade de Santiago (Tambre e Costa Vella), con todos os movementos posibles.

O rexedor compostelán congratulouse do paso dado neste primeiro Consello de Ministros

do ano e amosou a súa satisfacción polo inicio dunha actuación que mellorará notablemente a conectividade da cidade, o aeroporto e os polígonos industriais, á vez que suporá unha importante descarga da presión que actualmente ten o enlace de San Lázaro.

Non obstante, Sánchez Bugallo incidiu en que esta actuación deberá ser complementada co coñecido como Orbitaliño, que permitirá a conexión coa N 550 Santiago - A Coruña, cuxo proxecto está en redacción e se prevé que saia a exposición pública no primeiro semestre do ano. O rexedor agarda que a licitación se produza ao longo de 2020 e que así ambas actuacións se poidan completar



ao tempo, "co cal quedaría conectada a estrada nacional Santiago - A Coruña, todos os polígonos industriais, a autoestrada e a autovía de Lavacolla", engadiu. Estas obras, indicou Bugallo, "son o complemento imprescindible da actuación realizada na autoestrada Santiago Norte - Santiago Sur".

O Concello recorrerá ante o Supremo a sentenza da Audiencia Provincial de Madrid sobre as estatuas do Mestre Mateo

Así o anunciou o alcalde da cidade tras falar co director da asesoría xurídica, Manuel Cutrín, e o avogado que está a representar ao Concello de Santiago neste proceso, Xaquín Monteagudo. A entidade municipal interporá antes do 20 de xaneiro, data na que remata o prazo, un recurso de casación ante o Tribunal Supremo ao considerar que hai "causa e caso".

O rexedor compostelán puxo de manifesto a completa discrepancia coa argumentación da Audiencia Provincial de Madrid na que non se considera probado que as estatuas que reclama o Concello e as que ten a familia Franco sexan as mesmas. "Sorprendente", en verbas de Sánchez Bugallo, "porque a propia familia en ningún momento o pon en cuestión, é máis, recoñéceno expresamente". Segundo o rexedor "houbo un proceso de apropiación ilexítimo e ilegal desas esculturas e un proceso posterior de blanqueamento da apropiación destes bens", dos que si se acreditou que foron adquiridos polo Concello en 1948 por 60.000 pesetas.

Bugallo quixo agradecer especialmente a Xaquín Monteagudo o traballo realizado xa que permitiu atopar este e outros datos que indican que estamos ante "un ben público que ten que estar á disposición do público".

"A nosa obriga ética e moral é defender o que é patrimonio de todos os cidadáns e cidadás



Documento notarial de compravenda das figuras do Mestre Mateo.

de Compostela e, ademais, patrimonio da Humanidade". Polo tanto, procederase a interpoñer recurso de casación ante o Tribunal Supremo xa que "entendemos que a resolución da Audiencia Provincial de Madrid é lesiva para o interese público".

Continúa aberta a convocatoria da VII edición do programa pedagóxico "Aula de Patrimonio"

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España mantén aberta a convocatoria da sétima edición do programa pedagóxico Aula de Patrimonio, no marco do curso escolar 2019-2020, destinado a estudantes das 15 cidades membros da rede. A Concellaría de Educación de Santiago xa fixo chegar a convocatoria aos centros da cidade.

O obxectivo de Aula de Patrimonio, que nas súas edicións anteriores contou coa participación de preto de 9.000 alumnos, é que os mozos e mozas que viven e estudan nas cidades patrimonio realicen actividades de investigación e difusión ao redor dos valores que fixeron que estas 15 localidades merezan estar inscritas na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

Aprobadas novas axudas para as ARI de Vite, Vista Alegre e Pontepedriña

A Xunta de Goberno Local celebrada este luns aprobou inicialmente novas axudas correspondentes a diversas fases das áreas de rehabilitación integral (ARI) dos barrios de Vite, Vista Alegre e Pontepedriña. Tamén se deu o visto bo aos prezos públicos das actividades regulares de xaneiro a xuño de 2020 da rede de centros socioculturais.

Entre as axudas aprobadas inicialmente figuran as da fase 1 da ARI de Vite, concedéndose subvencións por 25.735,04 euros para 16 actuacións nun edificio da rúa de García Lorca. No caso da fase 5 do grupo de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Pa-



lacios, no barrio da Pontepedriña, aprobáronse axudas por 27.090 euros para oito actuacións nun edificio da rúa de Samos. Finalmente, outorgáronse 362.818,47 euros en axudas para a fase 8 da ARI de Vista Alegre, das que se beneficiarán 48 actuacións en tres edificios das rúas de Álvaro Cunqueiro, Bispo Diego Peláez e Vila de Rianxo.

Adxudicado o servizo de comedor escolar

A Xunta de Goberno Local, adxudicou o servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago. A adxudicataria, a empresa Alimentación Saudable Gallega, SLU, comprométese a un prezo de 4,92 euros para o xantar e de 1,76 euros para o almorzo (ambas cantidades IVE ex-

cluído). Segundo apunto a concelleira de Educación, Noa Díaz, a previsión é que a nova empresa comece a prestar o servizo no mes de febreiro.

A Xunta de Goberno aprobou igualmente o prezo autorizado dos servizos de comedor e madrugadores para o ano 2020: 4,50 euros (IVE engadido) por xantar/comensal/día e 1,94 euros (IVE engadido) por almorzo/comensal/día.

Tomé defende que a provincia teña os mesmos servizos ferroviarios que o resto de Galicia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, defendeu durante a presentación do Informe sobre a liña ferroviaria A Coruña-Lugo e a rede de vía métrica en Galicia elaborado polo catedrático da Universidade da Coruña Miguel Rodríguez Bugarín para o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que a provincia de Lugo ten que ter os mesmos servizos ferroviarios que o resto de Galicia. “Os veciños e veciñas de Lugo teñen que ter a mesma posibilidade de chegar a Madrid no mesmo tempo que dende A Coruña ou que dende Vigo”, reivindicou o mandatario provincial, quen sinalou que a provincia debe ser a vía principal de entrada e saída das mercadorías de Galicia por ferrocarril, formando parte do Corredor Atlántico a través de Monforte, O Barco de Valdeorras, Ponferrada, León e Palencia.



Reunión celebrada na Deputación de Lugo.

Rodríguez Bugarín apuntou que os tempos nos traxectos ferroviarios entre A Coruña e Lugo e entre Ferrol e Ribadeo poderían acurtarse de xeito significativo cun plan de modernización da vía. “Falta cohesión para un proxecto de renovación que é crucial para o tráfico de persoas e mer-

cadorías e que pode financiarse por Europa”, sinalou o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao. Xunto a eles, compareceron o presidente do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e alcalde do Barco de Valdeorras, Alfredo García Rodríguez, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.



A Xunta de Galicia investirá nestas obras preto de 1,9 millóns de euros

0 Hospital público da Mariña renovase

O Servizo Galego de Saúde e a empresa adxudicatária dos traballos, asinaron a acta de replanteo coa que se dá inicio ás obras de reforma das fachadas, carpintería exterior e envolventes térmicas do Hospital Público da Mariña, en Burela. A Xunta de Galicia busca unificar esteticamente o conxunto de edifi-

cios que agora forman este centro, pero, sobre todo, mellorar e incrementar a eficiencia enerxética do mesmo. Este novo investimento súmase aos máis de 12 millóns de euros que a Xunta de Galicia está a investir na ampliación e renovación do Hospital da Mariña.

As obras xa comenzadas permitirán incrementar a eficiencia

enerxética do hospital, ao contemplar a eliminación de pontes térmicas renovando toda fachada do edificio inicial do Hospital da Mariña e substituíndo a súa carpintería exterior e vidros. Deste xeito, non só se mellorará a eficiencia enerxética, senón tamén o illamento térmico e acústico do hospital.

Burela mellorará o peirao



Visita ao peirao de Burela.

A Xunta investirá preto de 1,3 millóns de euros na mellora da operatividade do peirao de Burela. A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, iniciará este ano as obras de construción do segundo martelo do porto de Burela para garantir un maior abrigo para a frota e operatividade para as embarcacións que fan uso destas instalacións. Así o anunciou a presidenta de Portos, Susana Linguas, no transcurso dunha visita a este peirao na que estivo acompañada polo patrón maior de Burela, Basilio Otero, e representantes de Armadores de Burela (Absa) e da OPP de Lugo.

Linguas Gil precisou que as obras contan cun orzamento de máis dun millón de euros e contemplan a ampliación do porto sur (xunto á lonxa de ABSA) en 8 metros e a construción dun espigón de 50 metros de lonxitude. A súa misión fundamental é a de reducir a axitación do interior das dársenas, ademais de conseguir maior capacidade de atraque e servir de amortiguación á ondada que exerce o dique de abrigo.

Ademais, a presidenta anunciou que o ente público tamén ten previsto investir este ano 237.826 euros en obras de mellora, remodelación e acondicionamento da nave de redes.

Biomasa preto das vivendas



Reunión de alcaldes lucenses.

O director xeral de Defensa do Monte, Tomás Fernández-Couto, reuniuse con varios alcaldes da provincia lucense para avanzar nos traballos de xestión de biomasa preto das vivendas.

Este encontro enmárcase na

rolda de contactos que está a manter a Xunta cos rexedores municipais de concellos con parroquias priorizadas no convenio subscrito entre a Consellería do Medio Rural, a empresa pública Seaga e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Monforte terá un parque público na zona de Cobas

José Tomé Roca, presidente da Deputación e a primeira tenente de alcalde da cidade, Gloria Prada, asinaron un convenio de colaboración interadministrativa que supón un investimento na cidade do Cabe de 229.782,61 euros. Dita aportación servirá para converter á zona de Cobas nun novo parque público para Monforte.

O proxecto ten un custe total de 234.622,61 euros, dos que o Concello só vai aportar 4.840 euros. Polo tanto a Deputación aporta o 98% do financiamento do proxecto, mentres que a entidade local achega o 2% restante. A área, que supón un novo parque público para Monforte, conta cunha superficie de 18.830 metros cadrados.

O presidente indicou que “as actuacións van a consistir nun axardinamento integral de todo o terreo afectado, incluído alu-



Gloria Prada e José Tomé asinaron o convenio.

meado, dando continuidade á primeira parte da senda peonil que xa o ten. Levará un sistema de rego por zonas para manter verde esa zona de céspede, procederase á plantación de novas árbores para sombra, e tamén será dotado de mobiliario urbano, bancos e papeleiras entre outros elementos, para que poida ser desfrutada esta nova área de lecer pola veciñanza de Monforte”.

Con esta actuación, ponse en valor un terreo ubicado no medio de dous barrios emblemáticos da cidade, como son o barrio de Cobas e o barrio da Pinguela, e ó mesmo tempo potenciase a senda peonil, ó dotarse de alumado público con columnas e luminarias tipo LED e con liñas de alimentación soterradas, a outro treito do paseo fluvial que coincide ó seu paso co novo parque de Cobas.

A vía de acceso ao Pazo de Tor será reactivada



O presidente da Deputación explicou o proxecto.

A Deputación reactivará o proxecto para o acondicionamento da vía de acceso ás instalacións provinciais de Tor, en Monforte de Lemos, unha actuación que leva uns dez anos paralizada e que José Tomé decidiu reactivar cun investimento de 600.000 euros. “Este é un proxecto moi importante polo volume de investimento e pola mellora da comunicación

vial para conectar o centro da cidade con este complexo”, afirmou o presidente da Deputación, quen subliñou ademais que responde ao compromiso que expresou na súa toma de posesión de impulsar e poñer en valor o complexo de Tor para convertelo nun referente para o sector primario con actividades vinculadas coa produción ecolóxica e a formación universitaria.

O Museo do Ferrocarril aprobou o orzamento para 2020

O Museo do Ferrocarril de Galicia, situado en Monforte de Lemos, aprobou o orzamento e o plan de actuación para o vindeiro ano, que inclúe a restauración de dúas vías e dunha sección da rotonda así como arranxos na cuberta da nave principal, entre outros proxectos. O delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, presidiu a reunión do Padroado, na que tamén participaron Pilar García Porto en representación da Deputación de Lugo; César Fernández Gil pola Deputación de Ourense, e o alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé. Balseiro explicou que o orzamento para o 2020 ascenderá a 142.100 euros, e contempla tamén o inicio das obras de recuperación da antiga nave de fundición do complexo.

A principal actuación que se executará nos próximos meses será a reposición de dúas vías, cun orzamento estimado de 45.000 euros. Unha é unha vía



morta para apartar material ferroviario e a outra unha vía chamada de escape para entrar na rotonda. Igualmente, está previsto acometer a primeira fase da restauración da nave de fundición, un edificio moi emblemático que contén fornos e chemineas da época dos trens de vapor. Para elo, requírese renovar a cuberta con tella plana, repoñer os vidros das amplas ventás, pavimentar o chan e substituír o peche. O orzamento para o vindeiro ano será de 15.000 euros.

Continuarán as melloras na rotonda, que se rehabilitou recentemente, e como obra complementaria vaise actuar sobre unha sección concreta instalando por-

tóns en tres ocios -dos 19 con que conta- que permitirán manter pechadas tres vías nas que realizar traballos varios co material do museo. Tamén se cimentará unha beirarrúa ao longo do perímetro interior da rotonda para facilitar os desprazamentos peonís entre vías. O custo destas medidas ascenderá a 12.500 euros. Polo que respecta ao mantemento da nave principal, este ano incluíranse arranxos na cuberta por importe de 6.000 euros para evitar filtracións de auga. O Museo tamén ten en proxecto trasladar ás súas instalacións dous tractores antigos que están no Museo de Camilo Jose Cela, en Padrón, para a súa futura restauración.

O alcalde coa nova directiva dos comerciantes monfortinos



José Tomé coa directiva do CCU de Monforte.

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e a directiva ó completo do Centro Comercial Urbano (CCU) de Monforte, encabezada polo novo presidente, Juan Carlos González, mantiveron unha xuntanza de traballo no Concello, na que ademais o rexedor municipal coñeceu aos novos membros da directiva. Os representantes da asociación de comerciantes trasladaron ó Alcalde diversas inquedanzas e

proxectos en relación coa cidade de Monforte e coa Ribeira Sacra, co fin de aunar esforzos na busca da súa promoción.

Logo da reunión, alcalde e presidente do CCU quedaron empapados para seguir mantendo reunións en vindeiras datas para abordar xa proxectos máis concretos. O alcalde manifestou a súa vontade de colaborar e axudar en todo o que sexa posible para que elo contribúa á mellora da cidade e da Ribeira Sacra.

Primeira gran área pública de servizo na Autovía do Cantábrico

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, participou na inauguración da primeira gran área de servizo da autovía do Cantábrico (A-8) entre Asturias e Baamonde (Begonte), unha infraestrutura “que facía moita falla”, salientou o delegado, e que obtivo o apoio da Administración autonómica a través do GDR Terras de Miranda, que achega 130.000 euros a esta iniciativa.

O proxecto está impulsado por Carlos Folgueira, empresario de O Rei das Tartas, que pon en marcha unhas instalacións nas que ofrece unha multitude de servizos que inclúen ademais do abastecemento de combustible, un establecemento de hostalería con produtos típicos da zona e de calidade, un área de descanso,



Inauguración da área do Rei das Tartas.

un supermercado, zona de xogos infantís e un punto de información turística.

Balseiro salientou que se pon en marcha “un proxecto innovador” que prestará servizo “nun

lugar estratéxico” e apuntou que Xunta “seguirá a traballar para apoiar iniciativas que buscan xerar emprego e multiplicar servizos” no territorio no que se asentán.

Recuperación e fomento do porco celta



Xornadas de Asoporcel.

Celebráronse as III Xornadas Monográficas do Porco Celta en Galicia organizadas por Asoporcel no Pazo de Feiras e Congresos da cidade de Lugo, centradas nesta ocasión na mellora dos procesos de formación e profesionalización. A Xunta investiu, desde o ano 2010, arredor de 760.000 euros para financiar o programa de recuperación, e fomento da raza autóctona gandeira do porco celta. Neste momento concreto mantén vixente un convenio de colaboración con Asoporcel para o período 2016-2019 por valor de

340.000 euros e tal e como avanzou o conselleiro do Medio Rural, José González, ten previsto manterse un esforzo orzamentario semellante para o vindeiro período 2020-2023.

Os relatores da Xunta nestas terceiras xornadas técnicas deron conta ao numeroso público participante das diferentes liñas de apoio ao servizo dos profesionais que apostan por explotacións de razas autóctonas, e afondaron nas axudas e condicións dirixidas á mellora dos procesos de transformación e comercialización deste produto.

Chantada gaña o premio ás zonas verdes mellor coidadas

Chantada volveu a gañar o premio Vilas en Flor, o concurso anual que premia aos concellos galegos que mellor coidan as súas zonas verdes. O xurado otorgou a Chantada catro flores, a maior puntuación posible. O certame unha iniciativa da Asociación de Viveristas do Noroeste, a asociación de empresas de xardinería de Galicia e a Fundación Juana de Vega, que tratan con esta convocatoria de promover a protección, mellora e posta en valor dos espazos verdes nos municipios de Galicia. Durante o acto de entrega dos premios, os organizadores explicaron que no caso de Chantada o xurado tivo en conta que o Concello “continúa co bo facer en todo o que se refire á contorna do río e está a planificar ampliar os seus límites coa recuperación da curtiduría Curtidoiro do Pescado”. O xurado tivo en conta ademais as “intervencións de xardinería en balcóns e maceteros” que o Con-



O alcalde de Chantada recibiu o galardón.

cello leva a cabo sobre todo no centro histórico da capitalidade municipal, polo que pasa o Camiño de Inverno.

Tamén que a administración local chantadina “mantén unha coordinación moi frutífera con outras administracións para conseguir axardinamentos en parcelas lindeiras son as da súa propiedade” e que se mostra receptiva “ás recomendacións de mellora paisa-

xística do acceso ao núcleo pola avenida de Monforte, onde plantaron xa algúns Prunus e onde pensan seguir co arboleda”.

Para a concesión a Chantada destas catro flores, o xurado tivo en conta tamén que os responsables municipais propoñense “recuperar a distribución gratuíta de plantas en maceta entre os veciños, para o embelecemento de balcóns e portais”.



boas festas

www.mariaxesusdiaz.com

Galicia

Redacción OURENSE

Obradoiro de emprego en Terra de Caldelas

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ven de pór en marcha o obradoiro de emprego Caldelas V promovido polos concellos de Castro Caldelas, Montederramo e A Teixeira e no que participan 20 alumnas e alumnos que se formarán en repoboacións forestais e tratamentos silvícolas e técnicas de albanelería.

Os participantes neste taller de formación e emprego dual poderán combinar un contrato de formación e aprendizaxe durante nove meses, cun contrato en prácticas, de como mínimo tres meses máis, nunha empresa emprazada no mesmo ámbito territorial e cunha actividade vinculada ás materias do obradoiro.

Durante os meses de duración deste programa mixto de formación e emprego o alumnado en Castro Caldelas construírá unha balsa para aprovisionamento de auga co uso



As autoridades na apertura do obradoiro.

de extinción de incendios no monte veciñal en man común A Matanza (Serra de San Martiño) e no terreo Portorregueiro en A Eirexa (parroquia de Mazaira) e desenvolverá traballos de repoboación forestal e tratamentos silvícolas en Outeiro, Grazan, Tapadas Novas, Portorregueiro, Portela, Fonteiriña, Grulos, Porteleiro, Val, Tapada da Bouza, Lameiriño, Espiñeira, Peneliña e na finca A Devesa. En Montederramo levarán a cabo a construción dunha

balsa no alto do Valisco e traballarán na repoboación forestal e tratamentos silvícolas do monte comunal Serra de San Mamede. Por último, na Teixeira os participantes crearán dúas balsas para aprovisionamento de auga Cascalla (parroquia de Celeiros) e Cimadevila (parroquia de Lumeares), ao tempo que realizarán labores de repoboación forestal e tratamentos silvícolas no Monte Pedreira e no Monte Pedra do Sol.

O BNG denuncia o desmantelamento encubierto de Correos

A deputada do BNG por Ourense no Parlamento de Galicia, Noa Presas, comprometeuse a levar o desmantelamento de Correos á Cámara galega. A deputada denunciou que se está a desmantelar progresivamente o servizo que afecta, sobre todo, ao medio rural "e contribúe a agravar a crise demográfica" desta circunscrición. A situación das e dos carteiros en Ourense ven sendo moi precaria. Dende a súa representación sindical, CiG, trasladáronlle ao BNG que a taxa de reposición ven sendo insuficiente. "Nas próximas oposicións de xaneiro de 2020 Ourense cubrirá 3 veces menos as prazas con respecto a outras provincias do Estado e isto non pode consentirse" sinalou a deputada, Noa Presas.

"As traballadoras de Correos está a sufrir unha alta temporalidade e precariedade que vai en detrimento da calidade do servizo e tamén das condicións laborais" destacou Presas. Ten un 40% de traballadoras temporais que ocupan, en moitos casos, postos cun-



Rolda de prensa de Noa Presas.

ha gran carga de traballo en 4 ou 5 horas de contrato. "Isto deriva nun aumento da temporalidade e da precariedade laboral que non se pode consentir e o BNG levará esta cuestión ao Parlamento de Galiza" destacou Presas.

Hai que lembrar a Lei 24/1998 do 13 de xullo en canto ao Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais. Esta lei recolle no seu título III as obrigacións do servizo público en relación coas obriga da prestación postal universal e outros dereitos e obrigas de carácter público á hora da prestación dos mesmos.

Estes camiño de incumprirse por teren un servizo insuficiente sen dotación de recursos.

Dende o BNG demandarán que se muden os criterios de dimensionamento para "ter en conta a realidade social e demográfica de Galiza" e evitar que se continúen amortizando as prazas no rural. Asemade, solicitarán a ampliación dos postos de traballo e a mellora das condicións así como a recuperación de dereitos conxelados "como a actualización do prezo por quilómetro que percipen as e os carteiros que deben desprazarse no rural" sentenzou Presas.

O segundo parto de urxencia en Verín tras o peche do paritorio destaca novamente as consecuencias dunha decisión política equivocada

Un segundo parto de urxencia no Hospital Comarcal de Verín volve a poñer en risco a nai e ao seu bebé, ante a pasividade dunha Xunta de Galicia que non quere entender que a sanidade hai que planificala en base a criterios sanitarios e que desobedece todas as recomendacións da OMS.

A deputada de En Marea, Paula Vero, cargou esta mañá contra a Xunta de Galicia pola decisión política de pechar o paritorio do Hospital Comarcal de Verín despois de que tivesen que atender un novo parto de urxencia: "Feijóo dixo que pechaba o paritorio de Verín por risco das nais e dos bebés pero a realidade é que é precisamente a súa política de peche o que pon en risco a nais e bebés e xa é a segunda vez que un parto ten que ser atendido en Verín por risco de parir no propio camiño".

A deputada avisou de que a Xunta non quere rectificar unha decisión política totalmente equivocada e continúa teimando no mesmo erro, pois esta xa é a "segunda vez que vemos os problemas que ten o traslado de bebés a Ourense, impedindo a unha nai cun bebé san telo



facendo o pel con pel durante esa primeira hora. Isto non pode suceder, a responsabilidade é da Xunta de Galicia por non prever a necesidade de gardas pediátricas vinte e catro horas en Verín".

En Marea quere unha planificación da nosa sanidade pública para os vindeiros dez anos tendo en conta os criterios de calidade, equidade e proximidade no acceso aos servizos, o que implica que as nais de Verín e da súa comarca teñan dereito a dar a luz nese Hospital Comarcal. Para garantir este dereito "a Xunta que dotar prazas estables de pediatría en Verín e namentres ten que organizar con corrección as gardas de pediatría na EOXI de Ourense. Se o problema é a pediatría, como reconece o propio SERGAS, o problema é de xestión e o problema é da Xunta" subliñou Paula Vero.



Vivamos como galegos! **GADIS**

#HOTEL GALEGX NOVA

A man with dark hair, wearing sunglasses, a dark long-sleeved shirt, grey jeans, and a chain necklace, is sitting in a brown leather armchair. He is positioned in the center of the frame, between the words 'HOTEL' and 'NOVA' of the large text. The background is a beach with waves and a blue sky.

vivamoscomogalegos.com

Galicia

Redacción OURENSE

“Ben Cho Shey inédito” presentouse no Pereiro

O escritor, mestre e investigador ourensán Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ben Cho Shey, foi o protagonista literario na presentación da súa biografía, “Ben Cho Shey inédito”, obra do escritor Paco López-Barxas, no colexio que leva o nome do insigne intelectual galego, situado no Pereiro de Aguiar. O acto contou coa participación do presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar; do autor do libro; do alcalde da localidade, Luís Menor; do editor Xosé A. Perozo, e do director do centro educativo, Antón Gómez, coa asistencia de máis dun cento de alumnos e profesores do colexio.

Baltar destacou que a realización deste libro “é unha magnífica iniciativa que nos achega a personalidade e á traxectoria humana, literaria e investigadora de Ben Cho Shey; está contado dunha maneira áxil e directa, e contén ademais unha serie de fotografías e cartas inéditas que nos permiten coñecer en detalle interesantes aspectos da súa vida”.

Paco López Barxas destacou



O acto celebrouse no colexio que leva o nome de Ben-Cho-Shey.

ao Ben Cho Shey mestre e escritor, salientando as súas obras Santa Marta de Moreiras (1969), “un libro onde estuda os xogos e costumes de nenos e maiores, así como o mundo dos afiadores e a súa fala, o Barallete”, e o Catón Galego (1969), “que era o libro que en tempos de Ben Cho Shey ensinaba aos nenos a ler en galego”. De ámbolos dous libros cúmprese medio século da súa publicación.

“Ben-Cho-Shey inédito” recolle en 230 páxinas textos, fotografías, documentos e un importante epistolario. O libro conta a his-

toria de Xosé Ramón Fernández Oxea, que é tamén a historia dun dos integrantes sobranceiros da Xeración Nós –xunto a Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas e Castelao–, en tanto que mestre e conferenciante, etnógrafo e historiador, xeógrafo e arqueólogo, bibliófilo e xornalista, prosista e poeta, defensor da lingua e notario de Santa Marta de Moreiras, cumio da súa obra. Así, desde a súa veciñanza en Madrid, o autor da obra achéganos ao Ben-Cho-Shey abandeirado da ourensanía máis galega e universal do século XX.

Alcalde e BNG a prol do servizo de pediatría no Pereiro de Aguiar



O novo centro de saúde está en obras.

O BNG levará á cámara galega o futuro da sanidade pública no Concello de Pereiro de Aguiar. Preguntará polo servizo de pediatría no concello limítrofe de Ourense xa que existe a posibilidade de que o SERGAS prescinda deste servizo coa apertura do novo centro de saúde.

Segundo critican fontes do BNG, a futura apertura do novo Centro de Saúde no Concello de Pereiro de Aguiar levará consigo a perda do servizo de pediatría. Cabe a posibilidade de que o SERGAS non instale no novo centro o servizo de pediatría. A pesar de que o actual alcalde de Pereiro

de Aguiar, Luís Menor, está a falar co SERGAS, dende o BNG pensan que non se pode permitir o peche deste servizo.

O BNG preguntará na cámara galega sobre o futuro do servizo pediátrico no concello para que non recorten tamén na sanidade das veciñas de Pereiro de Aguiar. “Co que aconteceu en Verín non é suficiente falar. Hai que exixir o dereito das crianzas a ter unha atención sanitaria próxima aos seus fogares” sinalaron dende o BNG. Asemade, dende instan ao alcalde do PP do Concello de Pereiro a asegurar a atención pediátrica no novo centro de saúde.

Caldelaos en Pazolandia



Veciños de Castro Caldelas en Pazolandia.

O Pazo dos Deportes Paco Paz acolleu un ano máis a celebración de Pazolandia. Polo recinto pasaron numerosos colexios e concellos da provincia de Ourense para exaltar a participación infantil e acudir a unha das citas tradicionais da época do Nadal. Tamén novos doutras provincias e do norte de Portugal pasaron a montarse nos coches de choque, nos saltadores, no

saltamontes, na movida ou nas camas elásticas. Non só había oferta para os máis pequenos se non que os maiores tamén tiñan premio. De entre todas as entradas vendidas durante cada día, a organización realizaba sorteos diferentes como televisores, materiais deportivos ou unha bicicleta. Ao redor dunhas 20.000 persoas pasaron polo parque durante os once días que permaneceu aberto.

A Festa dos Fachós de Castro Caldelas poderá ser de Interese Turístico

O Consello Galego de Turismo deu o visto e praxe a que a Festa dos Fachós de Castro Caldelas (que se celebra o 19 de xaneiro) sexa recoñecida de Interese Turístico. É o último paso antes de que a Consellería de Cul-

tura leve a proposta ao Consello da Xunta, órgano encargado de resolver este recoñecementos. Valorouse “a súa singularidade, o seu arraigamento, así como ou feito de que posúa un valor cultural sobranceiro pola súa vitalidade”.



Domíngo
19
xaneiro
ás 19:30h.



Festa dos Fachós 2020



Concello
Castro Caldelas



Xantar e Funergal renovan o seu Selo de Internacionalidad

Expourense volve posicionarse no calendario de feiras internacionais de España tal e como indica o calendario de "Feiras Comerciais Internacionais de 2020" publicado pola Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía, Industria e Turismo do Goberno de España no Boletín Oficial do Estado do pasado luns 30 de decembro de 2019 (nº 313). Neste documento están incluídas un ano máis como feiras internacionais a Xantar e a Funergal, ambos os proxectos promovidos por Expourense. Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, de Saúde e Benestar, celébrase este ano en Arxentina, motivo polo cal non está incluída no calendario de feiras internacionais que se celebrarán en España en 2020. A todo isto, hai que engadir a

concesión de Internacionalidad a Efectos Aduaneiros a Galisenior, Salón Internacional das Persoas Maiores. Celebrarase os días 10 e 11 de decembro de 2020.

En total identifícanse 99 salóns que se consideran internacionais no conxunto do Estado, dos cales catro son de ámbito turístico. Xunto a outras feiras de recoñecido prestixio como é o caso de FITUR en Madrid, B-TRAVEL celebrada en Barcelona, ou INTUR en Valladolid, sitúase Xantar, como a única feira española internacional especializada en Turismo Gastronómico. Celebrarase en Expourense entre o 5 e o 9 de febreiro.

A outra feira de Expourense incluída no calendario do BOE/BOE é Funergal, Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios, que se celebrará entre o 21 e



Feira Xantar, en Expourense.

o 23 de maio sendo a única cita internacional do sector na Península Ibérica prevista para este ano e o mellor centro

de negocios profesional no que participan expositores, visitantes e importadores dunha ducia de países.



VIVE A EXPERIENCIA





www.xantar.org

21º Salón Internacional de Turismo Gastronómico

OURENSE, 5 ó 9 febreiro 2020

SHOWCOOKINGS



DESTINOS




RESTAURANTES



CATAS TÚNEL DO VIÑO

















Xantar presentouse en Ponte de Lima

Xantar participou como convidado especial na presentación da campaña turística "Em época Baixa, Ponte de Lima em Alta" para a tempada 2019/2020. Esta campaña inclúe a organización de 11 eventos desde a primeira fin de semana de decembro de 2019 ata o último de abril de 2020.

Dado o estreito nivel de cooperación entre Expourense, organizador de Xantar, e a Cámara Municipal de Ponte de Lima e como xa é costume desde que naceu esta campaña en 2012, durante este acto foi presentada a próxima edición de Xantar, que se celebrará en Expourense entre o 5



Víctor Méndez e Emma González.

e o 9 de febreiro de 2020, e na que Ponte de Lima xa confirmou a súa participación a través dunha caseta promocional e dun día dedicado. A presentación da feira correu a cargo da directora adxunta de

Expourense e directora de Xantar, Emma González, quen agradeceu a Ponte de Lima e ao seu alcalde, Víctor Mendes, a súa confianza nos eventos organizados por Expourense para atraer visitantes galegos.

Xantar participou na presentación das Fin de semana Gastronómicas de Porto e Norte

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se celebra en Ourense, participou como convidado especial na presentación da 12ª edición das Fin de semana Gastronómicas organizadas pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio estratéxico de Expourense en Portugal. Este acto tivo lugar en Felgueiras e contou coa presenza do presidente de Porto e Norte, Luís Pedro Martins; do presidente da Cámara Municipal de Felgueiras, Nuno Fonseca; e de representantes de cámaras municipais que son habituais expositoras en Xantar como Ponte de Lima, Braga, Montalegre, Alijó, Esposende e Gaia, entre outras.

Durante este evento quedou patente un ano máis a aposta



Emma González, de Expourense, no centro.

que Porto e Norte realiza por Xantar como plataforma internacional de promoción da súa gastronomía e os seus viños. Os XII Fins de semana Gastronómicas celébranse desde o 30 de novembro de 2019 ata o mes de decembro de 2020. Entre esas fins de semana inclúese tamén o de Xantar,

que se celebra en Ourense entre o 5 e o 9 de febreiro de 2020, unha feira que en Porto e Norte consideran como propia. Xantar estivo representado pola súa directora, Emma González, que formou parte da comitiva que visitou as distintas casetas das cámaras municipais presentes.

Galicia en Común pregunta ao Goberno polos tramos perigosos das estradas en Ourense e Lugo que sinala RACE



Os deputados de Galicia en Común, Antón Gómez-Reino e Yolanda Díaz, rexistraron no Congreso dos Deputados unhas preguntas ao Goberno sobre o Informe EuroRAP 2019, programa europeo de avaliación do risco en estrada, no que participa o RACE, e que sinala tres tramos que repiten por terceira oleada consecutiva cuns altísimos índices de risco.

Trátase dun tramo da estrada N-120 (Vigo-Logroño) comprendido entre A Rúa e o enlace con Quiroga (Lugo) e dous da N-541 (Ourense-Pontevedra), entre Barbantes (Cen-

lle) e Dacón (Carballiño), ademais do de Almuzara (Boborás).

«Non pode ser que dous dos tres traxectos máis perigosos de España se atopen en Galicia, concretamente en Ourense (N-541), e Lugo (N-642), hai que tomar medidas», sinalaron os deputados.

Galicia en Común pregunta ao Goberno se fixo algún estudo da situación destes tramos das estradas e pregunta polas actuacións urxentes que deberan realizarse.

«Que tipo de accións contempla realizar despois de coñecer a perigosidade destas estradas?», preguntáronse os deputados.

Gómez-Reino: "Galicia estará no Goberno"

Antón Gómez-Reino defendeu este sábado no debate de investidura que se celebrou no Congreso que Galicia estará no vindeiro Goberno, como xa avanza na campaña electoral.

Gómez-Reino incidiu en que "Galicia está presente no programa de Goberno cando falamos da suba das pensións e do SMI, da derogación da reforma laboral e da LOMCE, ou a Lei Mordaza, de acabar do Copago e non permitir que pechen unidades de asistencia ao partido como as de Verín".

"Pero tamén cando falamos do compromiso xa firme para recuperar o Pazo de Meirás; o programa de

retorno de persoas emigradas a Galicia; de mulleres e rural, co compromiso para activar o Lei de titularidade compartida; de loita contra os incendios; o saneamento das nosas rías galegas; do plan de desenvolvemento industrial e do estatuto electointensivo, para Alcoa ou Ferroatlántica, entre outras", sinalou.

Destacou tamén que falamos dun Goberno máis comprometido con Galicia, "cando falamos do compromiso que conseguimos arrancar para a ratificación do convenio 188 da OIT que vai mellorar a vida de máis de 11.000 galegos que viven do mar".

Ana Miranda reclama que a Comisión Europea presione á Xunta para reabrir a sala de partos de Verín

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, subliñou en Verín que “toda a presión é pouca” para conseguir a reapertura do paridoiro pechado recentemente polo goberno galego. Nun encontro co tenente de alcalde do BNG, Diego Lourenzo, e coas numerosas persoas que levan días pechadas no hospital en protesta por esta decisión da Xunta, Miranda explicou que xa denunciou o caso á Comisión Europea para que presione tamén á Xunta e que a localidade ourensá teña de novo este servizo sanitario.

“Non só se trata dunha prestación de servizos sanitarios, tamén é unha cuestión de dignidade”, salientou Ana Miranda, quen tamén fixo referencia ao

seu carácter “transfronteirizo”, xa que mulleres de localidades próximas de Castela e León acoden a este hospital. Neste sentido indicou que Verín forma parte da Eurocidade Verín-Chaves, que mediante o Programa Operacional de Cooperación Transfronteiriza POCTEP, que está sustentado con fondos FEDER-. “Existe un acordo europeo de cooperación sanitaria transfronteiriza entre o SERGAS e a autoridade portuguesa pactado en 2014 para a prestación de servizos sanitarios e a creación dunha rede sanitaria transfronteiriza”, sinalou ao respecto.

Para a portavoz do BNG en Europa son “lamentables” os argumentos esgrimidos polo presidente da Xunta para xustificar o peche, baseándose en supostos

criterios médicos e técnicos. “O que acontece é que o PP a través do goberno galego está empeñado en privatizar a sanidade e reducir os servizos nas zonas rurais e despoboadas nun exercicio de cinismo e hipocrisía mentres falan de problema demográfico e de apoio á natalidade”, manifestou.

Exercicio de hipocrisía

Miranda cualificou de “exercicio de hipocrisía” a viaxe feito por membros do goberno galego a Bruxelas, como acaban de facer o pasado 19 de novembro ao Comité das Rexións, “para supostamente defender a cooperación sanitaria transfronteiriza, mentres hipocritamente pecha a sala de partos de Verín”. “Esta decisión incumpre a Directiva 2011/24 relativa á aplicación dos dereitos



Ana Miranda coas persoas pechadas no Hospital de Verín.

na asistencia sanitaria transfronteiriza”, afirma Ana Miranda dende Verín, lembrando o último Informe de Saúde 2019 da Comisión Europea que afirma que o Estado español debía contar con máis recursos para a saúde pública, o contrario do que fai o Goberno de Feijoo.

Miranda considera que o peche do paridoiro de Verín supón un dobre ataque: por un lado implica a posta en marcha dunha medida que vai directamente contra as

mulleres e as facilidades que deben ter á hora de ter aos seus fillos; e, por outro, implica un ataque ao mundo rural e con problemas de despoboamento que vai directamente en contra da posibilidade de que haxa persoas que decidan quedarse a vivir nas vilas por non ter os servizos públicos axeitados. Pero ademais, considera que supón un ataque aos nenos e nenas, ao eliminar tamén o servizo de urxencias pediátricas de 15 a 8 horas.

